

## Programa: Cooperativa, Alternativa de Emprego para a Mocidade

[ En colaboración coa Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social (EFESO) do FSE+ ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Do 18 de febreiro ao 24 de abril de 2025	<b>DURACIÓN</b> 75 h. (25 h/curso)
<b>HORARIO</b>	Haberá 6 sesións virtuais – 2 por cada curso – en horario de mañá en <a href="http://www.aulaespazocoop.com">www.aulaespazocoop.com</a>	
<b>LUGAR CELEBRACIÓN</b>	A través da Aula Virtual de EspazoCoop: <a href="http://www.aulaespazocoop.com">www.aulaespazocoop.com</a>	
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>TELF.</b> 881 887 456
		<b>E-MAIL</b> patane@espazo.coop

**PARA INSCRIBIRTE >> [PREME AQUÍ](#)**

### OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á mocidade para potenciar o emprendemento a través da fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar de xeito práctico e achegado á realidade as condición e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar recursos e medidas de apoio existentes que favorezan o emprendemento colectivo na mocidade.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Desenvolver habilidades persoais clave no traballo colaborativo.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver e calendario de actuación.

### PROGRAMA E CONTIDOS

#### CURSO 1 | EMPRENDEMENTO COOPERATIVO PARA A MOCIDADE

25 horas | do 18 de febreiro ao 10 de marzo | 2 sesións virtuais de aprendizaxe

Módulo 1.- O emprendemento. Situación da mocidade no emprego. Presentación: EspazoCoop, Rede Eusumo e EspazoCoop Emprende.

Módulo 2.- Cooperativismo de traballo, alternativa de emprego.

Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios.

Módulo 4.- Experiencia cooperativa. As cooperativas xuvenís.

#### CURSO 2 | HABILIDADES E COMPETENCIAS PARA O TRABALLO EN EQUIPO NAS COOPERATIVAS

25 horas | do 11 ao 30 de marzo | 2 sesións virtuais de aprendizaxe

Módulo 1.- A comunicación.

Módulo 2.- O traballo en equipo.

Módulo 3.- A toma de decisións.

Módulo 4.- O liderado nas cooperativas.

#### CURSO 3 | DESENVOLVENDO A IDEA COOPERATIVA

25 horas | do 31 de marzo ao 24 de abril | 2 sesións virtuais de aprendizaxe

Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo. | Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.

Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira. | Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

### METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Propoñemos actividades para o traballo grupal, coñecer boas prácticas, utilizando medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Cada curso terá dúas sesións virtuais de aprendizaxe.

### DIRIXIDO A

Persoas mozas en busca de emprego, emprendedoras, ocupadas e con interese en crear un proxecto de emprendemento cooperativo.